

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13497** *Real decreto lei 11/2009, do 13 de agosto, polo que se regula, para as concesións de ámbito estatal, a prestación do servizo de televisión dixital terrestre de pagamento mediante acceso condicional.*

Tanto no ordenamento xurídico español (artigo 1 da Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada) coma no dos países da nosa contorna, a televisión é un servizo público esencial e, como tal, a súa finalidade debe ser, ante todo, a de satisfacer o interese xeral dos cidadáns e a de contribuír, como medio de comunicación social, ao pluralismo informativo, á formación dunha opinión pública libre e á extensión da cultura. Tales principios, plenamente vixentes na actualidade, son os que inspiran a citada Lei de televisión privada.

Para garantir o cumprimento destes principios é necesaria a existencia dunha oferta televisiva atractiva e con contidos de calidade. Estes obxectivos cobran, no contexto actual de tránsito a unha nova tecnoloxía de difusión, un especial relevo, posto que a dixitalización require unha adaptación non só dos difusores senón tamén dos televidentes, que, polo tanto, encontran na mellora dos contidos un estímulo adicional á adaptación dos seus equipamentos.

Co deseño actual recollido no Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, tras o cesamento das emisións analóxicas, os cidadáns poderán recibir 32 canles de ámbito nacional e outras 12 de ámbito autonómico e local. A disposición adicional primeira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, adiantou o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, inicialmente previsto para o 1 de xaneiro de 2012, fixándoo no día 3 de abril de 2010.

O territorio estatal divídese en 90 proxectos de transición que se despregan no tempo desde o 27 de xuño de 2009 ao 3 de abril de 2010, sobre os cales individualmente se realiza o cesamento de emisións da televisión analóxica. Unha das condicións básicas imposta polo Goberno para poder ordenar o cesamento de emisións analóxicas no ámbito de cada un dos ditos proxectos é que o grao de penetración da televisión dixital terrestre (que o cidadán estea correctamente antenizado e teña decodificador ou un receptor adaptado) sexa suficiente, de forma que se garanta unha adecuada substitución tecnolóxica.

Para lograr que a implantación da televisión dixital terrestre (TDT) sexa un éxito é necesario incentivar o consumo de TDT por parte dos cidadáns. Desde esta perspectiva, a mellora dos contidos e, con iso, o aumento do consumo de TDT, será un catalizador para a correcta substitución da tecnoloxía analóxica pola dixital. A regulación da modalidade de pagamento mediante acceso condicional impulsará de forma decisiva a implantación definitiva da TDT ao incentivar a demanda a acceder aos contidos dispoñibles nesta modalidade de acceso ao servizo. Os contidos premium que se proporcionan a través da TDT de pagamento constitúen unha motivación engadida para a audiencia potencial da TDT.

A urxencia na adopción deste real decreto lei está en que en cada un dos 90 proxectos de tránsito á TDT, aínda que a cobertura do sinal sexa similar ou superior á analóxica, se o nivel de antenización non é o suficientemente elevado, a data de cesamento das emisións analóxicas pódese atrasar ou mesmo adiantar se os indicadores evolucionan mellor do esperado. A posibilidade de adiantar, aínda que sexa lixeiramente, a data do cesamento en cada un dos proxectos ten unha incidencia positiva inmediata no proceso de tránsito e facilita de maneira inmediata a planificación e medición da audiencia e, polo tanto, dunha das principais fontes de ingresos dos concesionarios. Por iso, tras a experiencia que se puxo de manifesto durante esta fase I do tránsito á televisión dixital e considerando os

proxectos pendentes, tanto da fase I coma das dúas fases seguintes, resulta urxente adoptar todas as medidas necesarias para fomentar un proceso de antenización máis rápido que permita a execución dos proxectos de cesamento das emisións analóxicas con maior celeridade para garantir a culminación do tránsito á TDT en abril de 2010 ou mesmo antes. Calquera medida que incremente o grao de satisfacción do cidadán polo paso a esta nova tecnoloxía contribúe de forma notable ao proceso de antenización. Neste sentido, os contidos máis atractivos que se poidan xerar a través da televisión de pagamento incrementarán o número de persoas interesadas en se adaptar canto antes. Esta forma de estímulo para o tránsito utilizouse con éxito en países como Francia, Reino Unido, Italia, Finlandia ou Suíza.

Por outro lado e tal e como se adiantou no Real decreto lei 1/2009, do 23 de febreiro, de medidas urxentes en materia de telecomunicacións, validado pola Lei 7/2009, do 3 de xullo, as principais economías desenvolvidas, entre as que se encontra a española, están experimentando unha grave crise financeira que afecta o bo funcionamento dos mercados, dificultando a captación de recursos por parte de practicamente todos os sectores. Esta situación prodúcese nun momento crítico para as empresas de televisión, como é o proceso de transición da emisión analóxica á dixital, que supón a necesidade de atender os retos tecnolóxicos e, paralelamente, lograr un mercado competitivo. Estas dificultades, ás cales se suma a redución de ingresos publicitarios, ameazan o equilibrio do servizo de televisión. O éxito do proceso de transición da TDT depende en gran medida de que haxa as menores alteracións económicas posibles para os suxeitos encargados da súa implementación e que as empresas dispoñan de fortaleza financeira para afrontar os investimentos necesarios. Resulta urxente, por tanto, abrir, en liña cos principais países da nosa contorna, unha vía alternativa de xeración de ingresos para os operadores privados do servizo de televisión, que lles posibilite aliviar a situación financeira en que se encontran como consecuencia da crise económica internacional, coadxuvando á súa sustentabilidade económica e financeira, que lles permitirá afrontar as baixadas de ingresos pola publicidade e cumprir cos compromisos asumidos nas súas concesións. Ademais, non podemos quedar atrás respecto aos demais países europeos de vangarda que utilizaron a modalidade da TDT de pagamento mediante acceso condicional como medida de apoio para que os seus operadores do servizo de televisión poidan facer fronte ás dificultades económicas. Esta decisión normativa, se se adopta de forma urxente, permitiralle á industria española situarse estratexicamente en condicións de igualdade cos ditos países no desenvolvemento de servizos e equipamentos para a TDT de pagamento, non só para o mercado español, senón tamén para o internacional.

A lexislación vixente en materia de televisión constituída pola Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, a disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, e demais normativa de desenvolvemento, non contén ningunha previsión respecto á modalidade de emisión, en aberto ou en codificado, do servizo de televisión, e son, en determinadas ocasións, os pregos dos concursos os que concretan este requisito.

A consecuencia deste feito é que desde o punto de vista da modalidade de emisión, para un mesmo servizo público de televisión, existen diferenzas non xustificadas entre os concesionarios. É, por tanto, igualmente urxente e necesario que a competencia nesta fase de tránsito do noso mercado televisivo se produza en condicións de igualdade, recoñecendo a todos os operadores concesionarios de canles de TDT que poidan, se así o consideran conveniente, explotar unha delas baixo a modalidade de acceso condicional mediante pagamento.

Esta medida de equilibrio, imprescindible para asegurar a igual concorrencia no novo marco regulatorio que se introducirá mediante a nova lei xeral audiovisual, actualmente en trámite de aprobación parlamentaria, débese adoptar, ademais, nunha norma con rango de lei tal como puxo de relevo o Consello de Estado no seu Ditame do 23 de xullo de 2009.

Mediante este real decreto lei unifícanse os distintos réximes xurídicos existentes e ponse fin á situación actual en que para un mesmo servizo público se outorgan dereitos

diferentes aos concesionarios existentes, establecendo regras idénticas que permitan a competencia no mercado da televisión por ondas terrestres en igualdade de condicións. Ademais, confire seguranza xurídica aos operadores nun contexto de cambio cara a un novo marco de competencia.

Coa introdución do servizo de televisión dixital terrestre (TDT) de pagamento mediante acceso condicional para todas as sociedades concesionarias de televisión ábrese a posibilidade dun reforzamento financeiro destas nun momento crucial para a posta en marcha da TDT antes do cesamento definitivo das emisións con tecnoloxía analóxica previsto para o 3 de abril de 2010. Con esta modalidade posibilitáanse para todas as empresas concesionarias novas fontes de financiamento das concesións e asegúrase con iso a diversidade da oferta televisiva. Esta diversidade presérvase ademais porque a prestación do servizo de TDT nesta modalidade queda limitada a unha canle dixital como máximo por concesionario, de maneira que en xeral a oferta de televisión por ondas terrestres sexa en aberto e se limita a posibilidade de acceso concesional a unha soa canle sempre que a concesión permita a explotación de máis de unha. Mellórase, ademais, a calidade da oferta televisiva, xa que estas canles de acceso condicional deberán ser atractivas e diferenciadas ao se basearen no pagamento dunha cantidade por parte dos usuarios.

En conclusión, co fin de asegurar o éxito de implantación da televisión dixital terrestre e mellorar a prestación do servizo público de televisión para os cidadáns, cómpre flexibilizar o modelo de negocio existente ata agora –baseado na emisión en aberto– e permitirllas ás sociedades concesionarias do servizo público de televisión de ámbito estatal a prestación do servizo de TDT na modalidade de pagamento mediante acceso condicional. Esta flexibilización do modelo contribuirá ademais ao sostemento dunha oferta máis ampla.

O anteproxecto de Lei xeral audiovisual, que na actualidade se está tramitando, constituirá normativa básica e prevé un marco obrigatorio común para o Estado e as comunidades autónomas no ámbito da televisión de pagamento, que un e outras poden despois modular mediante normativa de desenvolvemento, sempre que respecten ese límite. A normativa común indica que un concesionario poderá dar televisión de pagamento mediante acceso condicional como máximo nun 50% do conxunto do espectro asignado (artigo 26.3 do anteproxecto). Esta limitación suporá, no ámbito dos concesionarios de ámbito estatal, a posibilidade de ofrecer como máximo dúas canles das catro de que disporán tras o cesamento das emisións en analóxico. Dentro deste marco nada impide que o Estado e as comunidades autónomas poidan desenvolver a normativa básica, establecendo nunha lei ou nun regulamento ou incluso no prego (o propio anteproxecto recórdao no seu artigo 29.3) limitacións á televisión de pagamento que respecten o límite establecido como normativa básica.

Pois ben, este real decreto lei, dentro das competencias do Estado e no marco xurídico da futura normativa básica, regula a TDT de pagamento de ámbito estatal e límitaa a unha soa canle como máximo, mentres non sexa aprobada con carácter definitivo polas Cortes Xerais a dita regulación.

A aprobación deste real decreto lei ten o seu fundamento na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, na cal se establece o réxime xurídico do servizo público de televisión; na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que regula o réxime xurídico da televisión dixital terreal; na Lei 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo, e na disposición adicional décimo cuarta do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, que habilita o Goberno para que, en función da evolución do mercado, das posibilidades tecnolóxicas e do desenvolvemento da televisión dixital terrestre, estableza condicións especiais de emisión en consonancia coas prácticas dos principais países europeos, non previstas nos contratos concesionais.

Este real decreto lei foi obxecto de informe por parte do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, informe que, de conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, equivale á audiencia a que se refire o artigo 24.1.c) da Lei 50/1997,

do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, sobre o real decreto lei emitiu informe a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e o Consello de Estado emitiu ditame o 23 de xullo de 2009 no cal se conclúe que esta regulación se debe facer mediante norma con rango de lei.

O artigo 1 deste real decreto lei dítase ao abeiro da distribución de competencias establecida no artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución, mentres que o obxecto do real decreto se limita ás concesións cuxa competencia lle corresponde ao Estado. En cambio, o artigo 2 dítase en uso da competencia exclusiva que ao Estado lle atribúe en materia de telecomunicacións o artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, oído o Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de agosto de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Prestación do servizo de televisión dixital terrestre na modalidade de pagamento mediante acceso condicional.*

As sociedades concesionarias do servizo público de televisión dixital terrestre de ámbito estatal poderán explotar, total ou parcialmente, na modalidade de pagamento mediante acceso condicional, unha das canles dixitais de que son titulares sempre que a súa concesión permita a explotación de máis dunha canle.

Artigo 2. *Requisitos dos sistemas de acceso condicional necesarios para a prestación do servizo.*

Os sistemas e servizos de acceso condicional empregados para acceder ao servizo de televisión dixital terrestre na modalidade de pagamento mediante acceso condicional deberán ser abertos, sendo de aplicación o establecido no artigo 24 do Regulamento sobre mercados de comunicacións electrónicas, acceso ás redes e numeración, aprobado polo Real decreto 2296/2004, do 10 de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. O artigo 1 dítase ao abeiro do artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución.
2. O artigo 2 dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario e aplicación.*

O Goberno e o ministro de Industria, Turismo e Comercio ditarán, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 13 de agosto de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO